

## **BASES DO I CONCURSO DE DECORACIÓN DE BARRICAS PARA A XXXVI FEIRA DO VIÑO DE AMANDI**

O Concello de Sober convoca o I Concurso de Decoración de Barricas da XXXVI Feira do Viño de Amandi de acordo coas seguintes bases:

- Poderá concorrer toda a poboación maior de idade.
- A técnica de decoración será libre. Pídese orixinalidade.
- Os interesados deberán anotarse no Concello de Sober ata o día 10 de marzo.
- As propostas deben reflectir o espírito da Feira do Viño de Amandi facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no noso patrimonio e cultura.
- Os traballos quedarán en poder do Concello de Sober que os empregará na XXXVI Feira do Viño de Amandi.
- Despois da feira, os deseños seleccionados pasarán a forma parte do mobiliario dos centros municipais, nomeadamente da Casa do Concello, da Casa da Cultura, o Centro de Saúde, a piscina, o colexio ou o PAI, entre outros.
- Os deseños gañadores serán propiedade do Concello de Sober, quen poderá cedelos a terceiros. O autor ou autora renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílos no seu currículo.
- O xurado estará formado por persoas cualificadas na materia, reservándose a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos traballos reúne os méritos suficientes.
- Establécense dous premios aos traballos gañadores; un primeiro valorado en 300 euros e un segundo valorado en 100 euros.
- As barricas gañadores serán as que se empreguen para o acto inaugural de apertura da feira.
- Todos os participantes levarán como recompensa un estoxo de viño de Amandi e un diploma acreditativo por ter formado parte do concurso.
- O Concello de Sober restrinxe a participación a 30 creadores, que serán seleccionados por estrita orde de inscrición.
- En función do número de interesados, o xurado decidirá se cada participante decora unha ou dúas barricas.
- O Goberno local porá a disposición dos participantes os materiais que estes soliciten cando se anoten no concurso para poder levar a cabo o traballo.
- Os participantes serán convocados a semana antes da XXXVI Feira do Viño de Amandi para elaborar os seus traballos sobre a barrica.
- A inscrición farase no Concello de Sober ou por correo ordinario ata o 10 de marzo. Deben figurar os datos do interesado e o material que precisará para facer o seu deseño. (Concello de Sober, Praza Campo da Feira s/n C.P. 27460 Sober).
- Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases. No caso de facerse unha entrega pública ao gañador ou gañadora este comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.
- O simple feito de presentación ao concurso supón a aceptación plena destas bases.